

Contratación

7

7.1.- Introducción

O Estatuto dos Traballadores establece no seu artigo 16 que os empresarios están obrigados a comunicar á Oficina de Emprego o contido dos contratos de traballo celebrados ou as prórrogas destes, deban ou non se formalizar por escrito, nos dez días seguintes á súa concertación. Se existe obriga de formalización escrita presentárase copia do contrato para o seu rexistro e se non existe a devandita obriga presentárase comunicación da contratación. No ámbito da Comunidade Autónoma Galega a comunicación realízase na rede de oficinas de Emprego do Servizo de Emprego Autonómico da Xunta de Galicia ou a través de Internet (Contrat@).

O Rexistro no Servizo Público de Emprego non supón ningún pronunciamento sobre o contido do contrato, o feito de que o contrato teña asignado un n.º de rexistro non implica que o devandito contrato reúna todos os requisitos nin se axuste á legalidade.

As distintas modalidades de contratación que aparecen nas táboas estatísticas agrúpanse en: **Contratos Iniciais**, cando se formaliza a relación laboral por primeira vez, **Conversión en indefinidos** doutros contratos xa existentes de duración temporal, ou en Prorrogas de contratos que finalizaron a duración inicial.

Contratos Iniciais:

1-Indefinido (Bonificados/non Bonificados): É o contrato concertado sen establecer límites de tempo á prestación de servizos con xornada a tempo completo, parcial ou fixo discontinuo. (R.D.L.G. 1/95, Lei 12/2001, Lei 43/2006, Lei 35/2010, Real Decreto-Lei 10/2011 e Real Decreto-Lei 1/2011).

2-Indefinido Persoas con Discapacidade: Contrato de duración indefinida dirixido á integración laboral de persoas con discapacidade e que pode ser de xornada completa ou a tempo parcial. (R.D. 1451/1983, modificado por R.D. 4/1999, Lei 12/2001 e Lei 43/2006).

3-Obra ou servizo: Son os concertados para a realización de obras ou servizos determinados, en xornada completa ou parcial, na actividade da empresa e cuxa duración é temporal. (Art 15 do Estatuto dos Traballadores, R.D. 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

4-Eventual por circunstancias da produción: Contratos de duración temporal, en xornada completa ou parcial, para atender as esixencias circunstanciais do mercado. (Art 15 do Estatuto dos Traballadores, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

5-Interinidade: Contrato de duración temporal para substituír un traballador con dereito a reserva de posto, en xornada completa ou parcial (Art 15 do Estatuto dos Traballadores,

Real Decreto-Lei 11/1998, R.D.2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei Orgánica 3/2007).

6-Temporal para Persoas con Discapacidade: Contrato temporal de doce meses a tres anos, con xornada completa ou parcial, para persoas con discapacidade. (R.D 1451/1983 e Lei 43/2006).

7-Relevo: Contrato de duración indefinida ou ata o momento da xubilación do traballador ao que substitúe por xubilación parcial, con xornada parcial ou completa (Lei 14/2000, Lei 3/2012).

8-Xubilación parcial: Contrato de duración determinada e xornada parcial, complementario do de Relevo, que se asina co traballador que se xubila parcialmente (Lei 12/2001, Lei 40/2007).

9-Contrato de substitución por xubilación aos 64 anos: Para traballadores desempregados que substitúan outros traballadores que anticipan a idade de xubilación nun ano. (R.D. 1194/1985, Lei 14/2000, Lei 12/2001, Lei 27/2011, Lei 3/2012).

10-Contrato en prácticas: Destinados a completar a formación de traballadores con títulos universitarios ou de formación profesional. Son contratos de duración temporal, con xornada a tempo parcial ou completa, indistintamente. (Art 11 do Estatuto dos Traballadores, R.D. 488/1998, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

11-Contrato para a formación e a aprendizaxe (Formación): Destinado aos mozos de 16 a 24 anos, (ata o 31 de Decembro de 2013, que a taxa de desemprego sexa inferior ao 15%, pódese celebrar con traballadores de ata 30 anos), para a adquisición por parte do traballador da cualificación necesaria para o desempeño dun oficio ou posto de traballo concreto. (Art 11 do Estatuto dos Traballadores, Lei 3/2012, R.D. 1529/2012).

12-Outros contratos: Son os rexistrados pertencentes a modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación, tales como os de artistas, servizo doméstico, mercantís, etc... Inclúense tamén os contratos que, pertencendo ou presentándose segundo as modalidades existentes, adoecen dalgún defecto formal ou incumpren algún requisito básico no momento da súa introdución na base de datos, permanecendo neste apartado estatisticamente aínda que con posterioridade tivesen sido emendados os seus defectos de forma.

Contratos convertidos en indefinidos

Son aqueles que ao abeiro da normativa en vigor, son transformados en indefinidos. Estas transformacións non se suman aos contratos a cuxa modalidade corresponden porque nese

caso se produciría unha duplicidade, xa que o contrato de orixe xa foi contabilizado no seu día. Estes contratos son:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal de persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Outros contratos

Prorrogas

Algúns contratos de duración temporal, unha vez finalizada a súa duración inicial, poden prorrogarse. O número de prórrogas que admite un contrato depende da súa topoloxía. Son as seguintes:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Xubilación parcial

Cadro 7.1

Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscripcións colaboración social.
Galicia/España. 2014-2015

	Total España 2014	%	Total Galicia 2014	%	Total España 2015	%	Total Galicia 2015	%
Indefinido Ordinario (Boni/ no Boni)	928.664	5,69	39.301	5,14	1.022.340	5,65	40.164	4,70
Indef. Fomento da contratación indefinida				0,00				0,00
Persoa con discapacidade	7.158	0,04	411	0,05	8.120	0,04	508	0,06
Obra ou servizo	6.680.679	40,95	277.290	36,29	7.334.750	40,53	304.413	35,66
Eventual	6.883.223	42,20	332.063	43,46	7.722.400	42,67	379.299	44,43
Interinidade	1.455.176	8,92	80.523	10,54	1.581.739	8,74	92.371	10,82
Temporal discapacitado	18.364	0,11	1.014	0,13	20.706	0,11	1.160	0,14
Relevo	14.715	0,09	1.041	0,14	14.811	0,08	769	0,09
Xubilación parcial	24.361	0,15	1.527	0,18	26.155	0,14	1.417	0,17
Substitución xub. 64 anos	618	0,00	12	0,00	724	0,00	17	0,00
Prácticas	62.618	0,35	3.629	0,43	82.886	0,46	5.121	0,60
Formación	139.864	0,77	10.000	1,17	174.923	0,97	11.987	1,40
Outros	97.140	0,54	17.305	2,03	108.021	0,60	16.441	1,93
Total contratos iniciais	16.312.580	100,0	764.116	100,0	18.097.575	100,0	853.667	100,0
Convertidos en indefinidos	414.509		22.077		478.705		24.167	
Adscripción colabora. Social	7.920		215		5.403		219	
Total contratos e adscripcións	16.735.009		786.408		18.581.683		878.053	

Fonte: SEPE Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2015

Nunha primeira observación podemos apreciar que continúa a tendencia de anos anteriores dunha gran rotación da poboación ocupada asalariada con contratos temporais. (Datos SEPE-EPA).

Cadro 7.2

Total contratos de traballo. Por provincias. Galicia. 2013-2014

Tipo de contrato	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015
Duración temporal:										
Obra	126.061	137.508	27.430	31.081	22.392	25.579	101.407	110.245	277.290	304.413
Eventual	125.437	141.839	38.418	42.460	21.053	24.453	147.155	170.547	332.063	379.299
Interinidade	36.720	42.688	9.211	10.709	6.822	7.606	27.770	31.368	80.523	92.371
Temporal minusválidos	450	454	98	141	110	93	356	472	1.014	1.160
Relevo	369	320	87	58	100	75	485	316	1.041	769
Xubilación parcial	596	591	160	171	135	107	636	548	1.527	1.417
Substitución	1	1	1		1	2	9	14	12	17
Prácticas	1.581	2.215	318	550	278	407	1.452	1.949	3.629	5.121
Formación	3.913	4.361	1.299	1.554	1.466	1.764	3.322	4.308	10.000	11.987
Outros	4.643	5.043	2.710	2.355	960	1.046	8.992	7.997	17.305	16.441
Duración indefinida:										
Indefinido ordinario	17.286	17.683	5.109	5.303	3.926	3.831	12.980	13.347	39.301	40.164
Indefinido fomento de emprego	0		0		0		0		0	0
Minusválidos	175	212	47	66	43	47	146	183	411	508
Total contratos	317.232	352.915	84.888	94.448	57.286	65.010	304.710	341.294	764.116	853.667

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Cadro 7.3

Contrato de traballo por tipo e por sector. Galicia 2015

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Total
Indefinido ordinario	3.551	4.038	3.032	29.543	40.164
Indefd. Pers., con discapacidade	11	48	37	412	508
Obra ou servizo	16.714	51.804	32.917	202.978	304.413
Eventual circunst. produc.	5.368	52.851	10.146	310.934	379.299
Interinidade	1.101	10.379	409	80.482	80.822
Temporal pers, con discapacidade	22	162	70	906	1.160
Relevo	0	176	20	573	769
Xubilación parcial	8	493	62	854	1.417
Substitución xub. 64 anos	0	0	0	17	17
Prácticas	18	797	360	3.946	5.121
Formación	214	882	855	10.036	11.987
Outros contratos	9	15	94	16.323	16.441
Galicia	27.016	121.645	48.002	657.004	842.118

Fonte: SPEE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Se tomamos a actividade económica como punto de comparación observamos, que como é de esperar, que é o sector servizos o que concentra a maior parte das contratacións (76,96%) seguido a moita distancia pola industria (14,25%), a construción (5,69%) e no último lugar de volume de contratos rexistrados encontramos á agricultura e pesca (3,16%).

Cadro 7.4

Contratos de traballo iniciais segundo sección de actividade económica. Por provincias. Ano 2015

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	8.077	5.001	2.580	11.358	27.016
B. industrias extractivas	120	171	241	182	714
C. Industria manufacturera	36.394	7.343	9.113	63.617	116.467
D. Suministros eléctricos gas e A. A.	232	15	18	45	310
E. Suministro de agua, res. e desc.	2.036	276	158	1.684	4.154
F. Construción	22.110	4.167	4.302	17.423	48.002
G. Comercio, reparación de vehic. de motor, motocicletas e ciclomoteres e art. persoas	43.118	10.020	8.359	35.268	96.765
H. Transporte. Almacenamento.	25.871	4.635	3.223	46.213	79.942
I. Hostalaría.	70.899	25.666	14.595	69.851	181.011
J. Información e comunicación.	9.707	731	340	3.929	14.707
K. Financeiras e seguros	2.220	600	388	1.416	4.624
L. Actividades inmobiliarias	689	88	58	502	1.337
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	13.651	1.412	1.062	7.926	24.051
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares.	37.952	6.757	3.964	22.595	71.268
O. Administración pública. Defensa e seguridade social obrigatoria.	6.680	3.433	2.644	7.744	20.501
P. Ensino	12.895	2.905	2.691	11.780	30.271
Q. Actividades sanitarias e servizos sociais.	19.582	5.055	5.595	12.100	42.332
R. Actividades artísticas recreativas e ent.	23.083	12.616	2.712	18.019	56.430
S. Outros servizos.	13.400	1.938	1.473	6.734	23.545
T. Actividades do fogar e uso propio.	4.197	1.619	1.493	2.895	10.204
U. Organismos extraterritoriais	2		1	13	16
	352.915	94.448	65.010	341.294	853.667

Fonte: SPEE. Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2015

Cadro 7.5

Contratos de traballo iniciais segundo grupo principal de ocupación do posto. Por provincias. Ano 2015

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Directivos/ase Xerentes	629	168	120	598	1.515
B. Técnicos e profesionais da saúde e o ensino.	13.475	3.285	3.307	11.919	31.986
C. Outros técnicos, científicos e intelectuais.	19.496	8.399	1.988	14.227	44.110
D. Técnicos profesionais de apoio.	29.087	5.937	3.898	20.476	59.398
E. Empregados oficina non públicos	9.406	2.170	1.966	8.098	21.640
F. Empregados oficina públicos.	13.313	1.787	1.604	9.462	26.166
G. Traballadores/as do servizo de restauración e comercio	87.039	30.850	18.344	76.202	212.435
H. Traballadores/as dos servizos de saúde.	22.447	5.326	5.662	17.274	50.709
I. Traballadores/as dos servizos de protección e seguridade.	3.986	867	741	3.099	8.693
J. Traballadores/as cualificados/as na agricultura e gandería.	3.518	1.950	548	6.147	12.163
K. Traballadores/as cualificados/as na construción	13.780	2.573	2.717	12.621	31.691
L. Traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureras.	27.376	4.598	3.104	22.672	57.750
M. Operadores de instalacións industriais de maquinaria.	8.957	879	2.647	8.508	20.991
N. Condutores/as e operadores/as de maquinaria móbil	12.104	5.454	3.926	19.380	40.864
O. Traballadores/as non cualificados/as en servizos, agás transportes	43.053	11.205	7.192	34.689	96.139
P. Peóns de agricultura, pesca, construción, industria manufacturera	45.240	9.000	7.245	75.907	137.392
Q. Forzas armadas	9	0	1	15	25
Total	352.915	94.448	65.010	341.294	853.667

Fonte: SPEE. Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2015

7.2. Modalidades contractuais

A continuación analizaremos o comportamento dos contratos tendo en conta o sexo, idade, duración do contrato e tipo de xornada.

7.2.1 Contrato eventual por circunstancias da produción

Contrato de duración temporal, en xornada completa ou parcial.

O obxecto deste contrato é atender ás esixencias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda tratándose da actividade normal da empresa. (Art 15.1.b de E.T, Lei 35/2010 e Lei 3/2012).

Esta modalidade contractual segue sendo a máis utilizada representando o 42,67% a nivel nacional (42,20% en 2014) e o 43,20% dos contratos iniciais dos subscritos en Galicia. Subscribíronse 379.299 contratos fronte aos 332.063 do ano 2014, confirmando a tendencia á alza deste contrato nos dous últimos anos.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 19,87%, na industria un 42,59%, na construción un 21,14% e no sector servizos un 47,33%.

Por sexo contratouse a un 51,62% dos homes fronte a 48,38% das mulleres.

Tendo en conta sexo e grupo de idade, os homes son máis contratados no grupo 30 a 39 anos (35,84%) seguido do tramo de 25-29 (18,56%) e dos >45 (18,59%), e no caso das mulleres dáse unha situación similar, 31,73% no grupo de 30 a 39 anos e 18,83% no tramo de 25-29 e 19,54% para as >45 anos.


Cadro 7.6

Contratos eventuais por circunstancias da produción. Segundo sexo, idade e provincia. Galicia 2015

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	11.875	13.013	23.584	7.971	12.761	13.271	13.802	23.076	8.931	13.555	141.839
Lugo	3.741	3.869	7.267	2.246	4.221	4.088	4.293	6.507	2.274	3.954	42.460
Ourense	2.027	2.339	4.293	1.475	2.180	2.230	2.520	3.876	1.282	2.231	24.453
Pontevedra	13.176	16.120	34.442	11.968	17.235	12.246	13.931	24.821	10.488	16.120	170.547
Galicia	30.819	35.341	69.586	23.660	36.397	31.835	34.546	58.280	22.975	35.860	379.299

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Tendo en conta a duración, son os inferiores a 1 mes, co 67,67% os máis concertados, seguidos de 1 a 3 meses cun 19,41%, os de 3 a 6 meses cun 10,95% e por último con escasa representación, os concertados por un tempo superior a 6 meses con só un 1,98 %. Estas porcentaxes reflicten un aumento nos de duración inferior a 1 mes, quedando de manifesto a gran rotación laboral que se produce na Comunidade Galega cunha elevada porcentaxe de contratos eventuais e dentro deles o 67,67% teñen unha duración inferior a 1 mes.

Cadro 7.7

Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Por duración e provincias. Galicia 2015

	Duración				Total
	<= 1 mes	>1a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 meses	
A Coruña	91.571	29.988	17.234	3.046	141.839
Lugo	27.608	8.394	5.212	1.246	42.460
Ourense	13.178	6.165	4.520	590	24.453
Pontevedra	124.321	29.056	14.551	2.619	170.547
Galicia	256.678	73.603	41.517	7.501	379.299

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

A variable xornada sen diferenciación por sexos mostra unha porcentaxe do 56,91% para a xornada completa e un 43,09% para a xornada a tempo parcial. Se temos en conta a

variable sexo, un 32,66% dos contratos efectuados a homes son a xornada parcial e un 54,22% dos efectuados a mulleres teñen a mesma xornada, sendo o cuarto ano consecutivo ano no que é maior o número de contratos parciais realizados a mulleres que os concertados a xornada completa. Se a xornada é completa, a contratación no caso dos homes foi de 67,34% e dun 45,78% no das mulleres, poñendo de manifesto un uso maior da parcialidade na contratación feminina, aínda que neste ano o aumento se dá nos dous grupos.

Cadro 7.8

**Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia 2015**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	69.204	29.928	39.276	72.635	44.992	27.643	141.839	74.920	66.919
Lugo	21.344	7.234	14.110	21.116	10.866	10.250	42.460	18.100	24.360
Ourense	12.314	4.013	8.301	12.139	6.721	5.418	24.453	10.734	13.719
Pontevedra	92.941	22.774	70.167	77.606	36.918	40.688	170.547	59.692	110.855
Galicia	195.803	63.949	131.854	183.496	99.497	83.999	379.299	163.446	215.853

Fonte: SEPE-. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

7.2.2 Contrato de Obra ou servizo

É aquel que se concerta para a realización dunha obra ou a prestación dun servizo, en xornada completa ou parcial, con autonomía e substantividade propia dentro da actividade na empresa, aínda tratándose da actividade habitual, e cuxa duración, aínda que limitada no tempo, é incerta. (Art 15.1 a E.T, 2.1 RD 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010 e Lei 3/2012).

No ano 2015 rexistráronse 304.413 contratos por obra ou servizo que representa un 35,66% dos contratos iniciais, 36,29% no 2014), fronte ao 43,20% dos contratos eventuais por circunstancias da produción, que continúan en primeiro lugar igual que en anos anteriores. No total de España representaron o 40,53% da contratación.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 61,87%, na industria un 42,59%, na construción un 68,57% e no sector servizos un 30,89%.

Tendo en conta a variable sexo, no caso dos homes concertáronse un 60,53% e no das mulleres 39,47%. A maior porcentaxe relativa de contratación de homes realízase no grupo de idade de 30 a 39 anos cun 34,89% e en >45 anos o 24,79%. No caso das mulleres as porcentaxes relativas son moi similares, cun 33,22% no grupo de 30 a 39 anos e un 23,14% no grupo >45 anos.


Cadro 7.9

Contratos de obra ou servizo. Por sexo, idade e provincia. Galicia 2015

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	9.098	13.002	30.330	10.693	19.264	7.726	8.980	19.129	7.322	11.964	137.508
Lugo	2.593	2.616	5.749	2.383	5.032	1.896	2.553	4.066	1.526	2.667	31.081
Ourense	2.240	2.538	5.194	1.850	3.752	1.237	1.865	3.202	1.234	2.467	25.579
Pontevedra	7.437	9.717	23.019	10.111	17.634	5.310	7.108	13.642	5.560	10.707	110.245
Galicia	21.368	27.873	64.292	25.037	45.682	16.169	20.506	40.039	15.642	27.805	304.413

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Se temos en conta a duración do contrato, son os de duración incerta ou indeterminada os que representan unha maior porcentaxe, cun 76,30%, o que parece lóxico dada a non obrigatoriedade e o carácter orientativo da data de fin de contrato. O 15,14% concertáronse por unha duración igual ou inferior a 7 días, o 2,92% por un período entre 1 e 3 meses.

Cadro 7.10

Contratos de obra ou servizo. Por duración e provincia. Galicia 2015

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	22.329	1.202	1.300	3.271	1.620	1.738	39	43	46	105.920	137.508
Lugo	10.278	347	372	1.192	516	763	16	11	29	17.557	31.081
Ourense	2.700	243	260	1.007	523	855	11	10	18	19.952	25.579
Pontevedra	10.769	995	1.273	3.433	2.564	2.183	49	59	76	88.844	110.245
Galicia	46.076	2.787	3.205	8.903	5.223	5.539	115	123	169	232.273	304.413

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Nesta modalidade contractual dáse unha porcentaxe de xornada a tempo completo, co 65,51%, fronte a un 33,49% de contratos a tempo parcial. Se a esta variable lle unimos a variable sexo, apréciase no caso dos homes un 75,31% para a xornada completa e un 24,69% para a parcial. Nas contratacións a mulleres séguese a tendencia xeral dunha maior contratación parcial neste colectivo con respecto aos homes supoñendo un 50,47% de xornada completa e un 49,53% de parcial, o que supón un aumento con respecto ao ano anterior de 1.7 puntos.

Cadro 7.11

Contratos por obra ou servizo. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia. Decembro 2015

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	82.387	19.688	62.699	55.121	26.545	28.576	137.508	33.402	91.275
Lugo	18.373	4.021	14.352	12.708	6.202	6.506	31.081	6.098	20.858
Ourense	15.574	4.480	11.094	10.005	5.724	4.281	25.579	6.976	15.375
Pontevedra	67.918	17.300	50.618	42.327	21.044	21.283	110.245	25.659	71.901
Galicia	184.252	45.489	138.763	120.161	59.515	60.646	304.413	72.135	199.409

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

7.2.3 Contrato de Interinidade

Este contrato ten por obxecto substituír un traballador con dereito a reserva do posto de traballo, en xornada completa e parcial, ou para cubrir temporalmente un posto de traballo durante un proceso de selección ou promoción, para a súa cobertura definitiva, así como para substituír aínda traballador en formación por traballadores beneficiarios de prestación por desemprego. (Art 15.1 c ET, art.4.1 de RD 2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei Orgánica 3/2007).

Esta modalidade supuxo en 2015 un 10,82% dos contratos iniciais (8,74% en España). Mantense a tendencia de anos anteriores onde a contratación feminina é moi superior cun 71,42% (69.99% o ano anterior), fronte a un 28,57% de homes.


Cadro 7.12

Contratos de interinidade. Por sexos, idade e provincia. Galicia 2015

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	1.231	2.046	4.379	1.523	2.291	2.315	5.032	9.140	4.710	10.021	42.688
Lugo	448	481	948	342	551	699	1.258	2.151	1.186	2.645	10.709
Ourense	172	408	642	222	353	461	805	1.947	790	1.806	7.606
Pontevedra	878	1.915	4.285	1.350	1.929	1.770	3.257	7.106	3.357	5.521	31.368
Galicia	2.729	4.850	10.254	3.437	5.124	5.245	10.352	20.344	10.043	19.993	92.371

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 4,07%, na industria un 8,53%, na construción un 0,85% e no sector servizos un 12,25%.

Segundo os grupos de idade o 38,85% dos homes contratados teñen entre 30 e 39 anos e o 30,83% das mulleres. No grupo de 25-29 anos contratouse o 18,37% de homes e 15,70% de mulleres. E finalmente aos maiores de 45 anos concertóuselles este tipo de contrato a un 23,20% de homes e a un 30,30% de mulleres.

Ao descoñecerse en moitos casos a data de finalización da reserva de posto, duración do proceso de selección, o contrato concértase por unha duración indeterminada nun 55,51% dos casos. Os menores de 7 días supoñen un 19,09% e os que duran entre 15 días e un mes, un 9,11%.

Cadro 7.13

Contratos de interinidade. Por duración e provincias. Galicia 2015

	Duración en meses									Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeterminados
A Coruña	10.450	4.002	4.077	1.958	980	179	9	3	9	21.021
Lugo	2.328	1.068	995	374	245	25	1	2		5.671
Ourense	1.421	644	607	382	138	26	1	1	1	4.385
Pontevedra	3.438	2.355	2.740	1.591	883	144	7	4	12	20.194
Galicia	17.637	8.069	8.419	4.305	2.246	374	18	10	22	51.271

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Tendo en conta a variable xornada, os celebrados a xornada completa supoñen un 69,19% e un 30,45% os que foron a tempo parcial. Seguindo a tendencia da maior parte das contratacións, son as mulleres as que máis contratos celebran a tempo parcial (35,54%), fronte ao colectivo de homes (17,72%) aínda que se produce un aumento da parcialidade nos dous grupos.

Cadro 7.14

Contratos de interinidade. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Decembro 2015

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	11.470	2.036	9.434	31.218	10.547	20.671	42.688	10.686	30.105
Lugo	2.770	345	2.425	7.939	2.807	5.132	10.709	3.152	7.557
Ourense	1.797	239	1.558	5.809	2.007	3.802	7.606	2.246	5.360
Pontevedra	10.357	2.057	8.300	21.011	8.087	12.924	31.368	10.144	21.224
Galicia	26.394	4.677	21.717	65.977	23.448	42.529	92.371	26.228	64.246

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

7.2.4. Contrato para a Formación e a aprendizaxe

Ten por obxecto a cualificación profesional dos traballadores nun réxime de alternancia de actividade laboral retribuída na empresa con actividade formativa recibida no marco do

sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo. (Art.11.2 E.T, Lei 3/2012 e R.D. 1529/2012).

Os requisitos dos traballadores susceptibles de ser contratados nesta modalidade son:

Ser maior de 16 anos e non ter cumprido os 25, (poderán celebrarse con menores de trinta anos ata que a taxa de desemprego se sitúe por debaixo do 15%). O límite de idade non será de aplicación cando se trate de persoas con discapacidade e nos supostos de contratos celebrados con alumnos participantes en proxectos de emprego e formación, nin cando se concerte con colectivos en situación de exclusión social.

Non ter a titulación requirida para o contrato en prácticas nese posto ou oficio. (Art.11.2 a E.T e art. 6 RD 488/1998)


Cadro 7.15

Contratos de formación. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2015

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	1.428	563	54	38	64	1.383	712	45	18	56	4.361
Lugo	506	239	15	9	32	453	248	17	14	21	1.554
Ourense	555	243	23	12	50	494	302	33	16	36	1.764
Pontevedra	1.413	559	21	9	25	1.438	730	44	19	50	4.308
Galicia	3.902	1.604	113	68	171	3.768	1.992	139	67	163	11.987

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



O número de contratos de formación rexistrados en Galicia no 2015 foi de 11.987, (10.000 en 2014), representando un 1,40% dos contratos iniciais (0,97% en España).

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 0,79%, na industria un 0,72%, na construción un 1,78% e no sector servizos un 1,53%.

Se estudamos a variable sexo, apreciamos, que un 48,87% destes contratos se concertan con homes e un 51,13% con mulleres, deixando ver unha tendencia ao aumento desta contratación no grupo de mulleres. Estudando conxuntamente as variables de idade e sexo apréciase que no caso dos homes o 66,61% dos contratos se concertan con menores de 25

anos e o 27,38% no tramo de 25-29 anos. No colectivo das mulleres as porcentaxes son dun 61,48% nas menores de 25 anos e o 32,5% no tramo de 25-29 anos.

Só un 0,26% celébranse por un período entre 12 e 24 meses, e un 98,61% por un tempo igual ou inferior a 12 meses.


Cadro 7.16

Contratos de formación por duración e provincias. Galicia 2015

	Duración en meses					Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	>24	
A Coruña	1.237	3.078	36	4	6	4.361
Lugo	380	1.132	28	4	10	1.554
Ourense	422	1.324	11	3	4	1.764
Pontevedra	1.290	2.958	37	12	11	4.308
Galicia	3.329	8.492	112	23	31	11.987

Fonte: SEPE Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Tempo de duración dos contratos



7.2.5. Contrato en Prácticas

Este contrato ten como finalidade a obtención de práctica profesional, a xornada completa ou parcial, axeitada ao nivel de estudos dos traballadores con titulación universitaria ou de formación profesional de grao medio ou superior, ou títulos recoñecidos oficialmente como equivalentes que habiliten par o exercicio profesional. (Art.11 ET e 1.1 RD 488/1998, Lei 35/2010 e Lei 3/2012).

O traballador debe posuír algunha das titulacións seguintes:

- Licenciado Universitario, Enxeñeiro ou Arquitecto
- Diplomado Universitario, Enxeñeiro ou Arquitecto Técnico

-Técnico ou Técnico Superior da Formación Profesional Regulada da formación profesional específica, sendo equivalentes os anteriores Técnico Auxiliar (FP1) e Técnico Especialista (FP2)

-Outras titulacións oficialmente recoñecidas equivalentes ás anteriores.

Este tipo de contrato alcanzou en 2015, os 5.121 concertos (1.492 mais que o ano anterior) o que representa un 0,60% dos contratos iniciais (0,46% en España).

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura en 18 ocasións, na industria un 0,65%, na construción un 0,75% e no sector servizos un 0,60%.


Tendo en conta o factor sexo, concertouse cun 49,52% de homes e cun 50,50% de mulleres. É un dos poucos contratos, xunto a formación e interinidade, onde o número de concertos é maior en mulleres que en homes, e tendo en conta a incorporación masiva da muller á educación de grao medio e superior, e que é precisamente este colectivo o que en maior medida finaliza os estudos iniciados, parece ser esta a causa da maior presenza feminina.

Cadro 7.17

Contratos en prácticas. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2015

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	492	462	110	5	6	539	476	106	8	11	2.215
Lugo	140	90	22	1	1	166	115	14		1	550
Ourense	123	82	19	0	3	100	64	13	1	2	407
Pontevedra	418	423	120	9	9	380	431	136	13	10	1.949
Galicia	1.173	1.057	271	15	19	1.185	1.086	269	22	24	5.121

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015



Por grupos de idade, realizáronse maior número de contratacións a homes <25 anos (46,27%) e mulleres de <25 anos (45,82%), seguidos en ambos os dous casos do intervalo de 25-29 cun 42,09% en homes e un 41,99% en contratos a mulleres e do intervalo de 30-39 anos, cun 10,69% de contratacións concertadas con homes e un 10,40%, realizadas a mulleres.


Cadro 7.18

Contratos en prácticas. Por duración e provincias. Galicia 2015

	Duración en meses				Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	
A Coruña	1.483	598	12	95	2.188
Lugo	372	161	6	9	548
Ourense	250	149	2	6	407
Pontevedra	1.322	520	14	78	1.934
Galicia	3.427	1.428	34	188	5.077

Fonte: SEPE Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Tempo de duración dos contratos en prácticas



Segundo a duración do contrato, os comprendidos de entre 6 e 12 meses alcanzaron 28,13% e os de duración igual ou inferior a 6 meses un 67,50%. Aqueles que alcanzaron a duración máxima de 24 meses seguen, ao igual que en anos anteriores, supoñendo unha porcentaxe moi pequena, o 3,70% e con tendencia a diminuír.

Cadro 7.19

Contrato en prácticas. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia 2015

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	1.075	176	899	1.140	399	741	2.215	575	1.640
Lugo	254	32	222	296	84	212	550	116	434
Ourense	227	39	188	180	70	110	407	109	298
Pontevedra	979	197	782	970	360	610	1.949	557	1.392
Galicia	2.535	444	2.091	2.586	913	1.673	5.121	1.357	3.764

Fonte: SEPE Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Se tomamos como referencia o tipo de xornada, o 73,50% celebrouse a xornada completa e o 26,50% a parcial, no grupo dos homes 17,51% e no de mulleres 35,30%.

7.2.7. Contratación en substitución por anticipación da idade de xubilación.

Esta medida ten por finalidade a contratación de traballadores inscritos como desempregados en substitución de traballadores que anticipen a súa idade ordinaria de xubilación de 65 a 64 anos (art.1 e ss RD 1194/1985) (Lei 14/2000, Lei 12/2001, Lei 27/2011 e Lei 3/2012).

Cadro 7.20

Contatos de substitución por xubilación os 64 anos. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2015

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña		0			0		1	0	0	0	1
Lugo	0		0					0	0	0	0
Ourense	0	0	0				1	1	0	0	2
Pontevedra		2	3		1	1	1	6	0	0	14
Galicia	0	2	3	0	1	1	3	7	0	0	17

Fonte: SEPE Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

No 2015 en Galicia só realizáronse 17 contratos (724 en España) desta modalidade. Deles en 6 ocasións realizáronse a homes e en 11 a mulleres.

Segundo a actividade económica os 17 contratos realizáronse no sector servizos.

Centrándonos na duración, maioritariamente concertáronse por un período de 12 meses ,16 contratos dos 17 concertados.

Cadro 7.21

**Contratos de substitución por xubilación aos 64 anos.
Por duración e provincia. Galicia. 2015**

	Duración en meses				Total
	12 meses	>12 e >18 meses	>18 e >24 meses	> 24 meses	
A Coruña	1				1
Lugo					
Ourense	2				2
Pontevedra	13	1			14
Galicia	16	1	0	0	17

Fonte: SEPE Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Contrato de Relevo e Xubilación Parcial

É o que se concerta cun traballador desempregado o que estivese contratado pola empresa cun contrato de duración determinada para substituír parcialmente un traballador da empresa que accede á xubilación parcial (Lei 14/2000 e Lei 3/2012).

A xubilación parcial do traballador substituído é aquela que se inicia despois do cumprimento dos 61 anos e ata o momento da xubilación total, que se simultanea cun contrato a tempo parcial e se encontra vinculada ao contrato de relevo. Para determinar a

idade de xubilación tense en conta as bonificacións ou anticipacións de idade que correspondan. (Lei 12/2001 e Lei 40/2007).

Cadro 7.22

Contratos de relevo. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2015

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	7	19	62	27	34	6	15	56	38	56	320
Lugo	2	5	9	3	9	1	3	4	5	17	58
Ourense	1	3	23	4	4	2	5	11	4	18	75
Pontevedra	13	34	83	21	28	9	28	51	18	31	316
Galicia	23	61	177	55	75	18	51	122	65	122	769

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Cadro 7.23

Contratos de relevo. Por duración e provincia. Galicia 2015

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 d	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3 mes	>3 a <= 6 mes	>6 a <= 12 mes	>12 a <= 18 mes	>18 a <= 24 mes	>24 meses	Indeter- minada	
A Coruña	2		1	3	4	13	18	22	257	0	320
Lugo			0	0	0	3	2	4	49	0	58
Ourense	0		1	0	2	7	4	3	58	0	75
Pontevedra	2	1	1	3	4	18	13	11	263	0	316
Galicia	4	1	3	6	10	41	37	40	627	0	769

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Cadro 7.24

Contratos de relevo.
Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia 2015

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	149	70	79	171	140	31	320	210	110
Lugo	28	10	18	30	21	9	58	31	27
Ourense	35	11	24	40	31	9	75	42	33
Pontevedra	179	55	124	137	95	42	316	150	166
Galicia	391	146	245	378	287	91	769	433	336

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

No ano 2015 asináronse en Galicia 769 contratos de relevo, o que representan soamente un 0,09% dos contratos iniciais (0,08% en España).

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura en 0 ocasións, na industria un 0,14%, na construción en 20 ocasións e no sector servizos un 0,09%.

Por sexo e idade, o 50,85% celebráronse con homes e entre eles o colectivo de 30 a 39 anos, supuxo un 45,27%. No grupo de mulleres concertáronse o 49,15% dos contratos de relevo, e tamén é o tramo de >45 o que ten maior representación cun 32,27%.

Segundo a duración o 81,53% fórono por un período superior a 24 meses, e segundo a xornada o 47,59% foi a total e o 52,21% a tempo parcial, experimentando un forte incremento.

Seguindo a tendencia doutros contratos, a parcialidade foi maior nas mulleres, representando un 75,93%, mentres que nos homes só supuxo un 59,59%.

Cadro 7.25**Contratos por xubilación parcial. Por sexo, idade e provincia. Galicia 2015**

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	0	0	0	0	395	0	0	0	0	196	591
Lugo	0	0	0	0	139	0	0	0	0	32	171
Ourense	0	0	0	0	75	0	0	0	0	32	107
Pontevedra	0	0	0	0	350	0	0	0	0	198	548
Galicia	0	0	0	0	959	0	0	0	0	458	1.417

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Cadro 7.26**Contratos por xubilación parcial. Por duración e provincia. Galicia 2015**

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 d	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3 mes	>3 a <= 6 mes	>6 a <= 12 mes	>12 a <= 18 mes	>18 a <= 24 mes	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	4		0	0	2	9	13	29	474	60	591
Lugo	2		0	0	2	1	3	7	140	16	171
Ourense	0		0	0	0	1	4	5	84	13	107
Pontevedra	5		0	1	1	8	9	21	429	74	548
Galicia	11	0	0	1	5	19	29	62	1.127	163	1.417

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Contratos de xubilación parcial concertáronse 1.417 en Galicia no 2015 representando un 0,16% dos contratos iniciais (0,14 en España). Do total un 67,68% concertouse con homes e só un 33,32% con mulleres. Esta diferenza esta explicada co atraso da muller no acceso ao mercado laboral e polo tanto tamén en acceder ás pensións de xubilación, diferenzas que xa ten comezando a diminuír. Tanto nun grupo coma noutro o 100% concertouse con maiores de 45 anos.

Ao igual que no contrato anterior, un 79,53% celebrouse por un tempo superior a 24 meses.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura en 8 ocasións, na industria un 0,40%, na construción asináronse 62 contratos e no sector servizos un 0,10%.

7.2.8. Contratos non contemplados anteriormente.

Neste grupo inclúense contratos de modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación tales como: artistas, servizo domestico, mercantís, contrato de traballo a domicilio, de grupo.

Estas contratacións son pouco representativas supoñen un 2,42% dos contratos iniciais, e son os de duración igual ou inferior a 7 días (85,05%) os máis celebrados.

Cadro 7.27

**Outros contratos non contemplados anteriormente.
Por sexo, idade e provincia. Galicia 2015**

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	393	485	953	463	1.279	528	286	332	115	209	5.043
Lugo	137	149	636	178	783	105	93	169	40	65	2.355
Ourense	50	77	189	91	353	30	105	110	8	33	1.046
Pontevedra	569	810	2.123	577	2.046	542	308	571	186	265	7.997
Galicia	1.149	1.521	3.901	1.309	4.461	1.205	792	1.182	349	572	16.441

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Cadro 7.28

Outros contratos non contemplados anteriormente. Por duración e provincia. Galicia 2015

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 d	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3 mes	>3 a <= 6 mes	>6 a <= 12 mes	>12 a <= 18 mes	>18 a <= 24 mes	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	3.892	10	8	10	549	209	20	2	5	338	5.043
Lugo	2.224	1	1	1	39	3	0	0	0	86	2.355
Ourense	761	1	0	4	75	20	0	0	1	184	1.046
Pontevedra	7.106	4	2	6	428	128	2	0	21	300	7.997
Galicia	13.983	16	11	21	1.091	360	22	2	27	908	16.441

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Cadro 7.29

**Outros contratos non contemplados anteriormente.
Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia 2015**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	3.573	294	3.279	1.470	175	1.295	5.043	469	4.574
Lugo	1.883	109	1.774	472	25	447	2.355	134	2.221
Ourense	760	71	689	286	31	255	1.046	102	944
Pontevedra	6.125	164	5.961	1.872	79	1.793	7.997	243	7.754
Galicia	12.341	638	11.703	4.100	310	3.790	16.441	948	15.493

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Mención á parte daremos aos contratos temporais de persoas con discapacidade, que son aqueles cunha duración entre 12 meses e 3 anos, con xornada completa ou parcial, para traballadores discapacitados.

Estes contratos supuxeron no 2015 o 0,13% deles o 60,17% celebráronse con homes e o 39,83% con mulleres, deixando novamente, ver a menor integración da muller no mercado laboral, mesmo cando existe algunha discapacidade.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura en 22 ocasións, na industria un 0,13%, na construción en 70 ocasións e no sector servizos un 0,14%.

O tramo de idade no que máis contratos se asinan foi o de >45 e tanto no grupo homes (37,39%), como no de mulleres (35,50%).

Tomando en conta a duración, foron os de 12 meses os que representaron o 96,32% das celebracións e a xornada completa o 54,83%, aínda que no colectivo feminino (seguíndoa tendencia da maioría dos contratos) só supuxo o 42,86% mentres que no masculino chegou ao 62,75%.


Cadro 7.30

Contratos temporais de persoas con discapacidade. Por sexo, idade e provincia. Galicia 2015

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	9	19	82	51	92	8	17	69	38	69	454
Lugo	2	10	30	18	35	3	3	20	5	15	141
Ourense	6	6	13	12	25	4	3	7	7	10	93
Pontevedra	8	18	98	55	109	14	11	56	33	70	472
Galicia	25	53	223	136	261	29	34	152	83	164	1.160

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Cadro 7.31

Contratos temporais de persoas con discapacidade. Por duración e provincias. Galicia 2015

	Duración en meses				Total
	= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	> 24	
A Coruña	446	8	0	0	454
Lugo	131	8	0	2	141
Ourense	91	1	0	1	93
Pontevedra	461	7	2	2	472
Galicia	1.129	24	2	5	1.160

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

Cadro 7.32

**Contratos temporais de persoas con discapacidade.
Segundo sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia 2015**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	253	103	150	201	112	89	454	215	239
Lugo	95	31	64	46	25	21	141	56	85
Ourense	62	20	42	31	15	16	93	35	58
Pontevedra	288	106	182	184	112	72	472	218	254
Galicia	698	260	438	462	264	198	1.160	524	636

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2015

7.2.9. Contratos Indefinidos Ordinarios (Bonificados e non bonificados)

O contrato indefinido é aquel que se concerta sen establecer límites de tempo na prestación dos servizos, en canto á duración do contrato

A súa formalización pode ser verbal ou escrita, salvo os acollidos ao programa de fomento da contratación indefinida, discapacitados, a tempo parcial, etc. En todo caso calquera das partes pode pedir que se formalice por escrito, mesmo durante o transcurso da relación laboral.

En 2015 concertáronse en Galicia 40.154 contratos desta modalidade (39.301 en 2014). Só representan un 4,57% (5,14% en 2014) dos contratos iniciais (5,65% en España).

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 13,14%, na industria un 6,32%, na construción un 6,32% e no sector servizos un 4,5%.

Esta contratación concertouse no sector masculino nun 54,81% do total, fronte a un 45,15% en mulleres que descenden en algo máis de dous puntos. En ambos os dous grupo, é o intervalo de idade de 30-39 anos, onde máis contratos indefinidos se asinan cun 33,51% en homes e un 33,91% nas mulleres. Ségueno o grupo de >45 co 26,98% e o 30,36% segundo sexan homes ou mulleres.

